

# UNIDADE

## 1

## Roma: un enclave perfecto

### A LINGUA LATINA

- O latín era a lingua do Latium (rexión de Italia arredor de Roma)
- Procede do indoeuropeo
- Pertence ao grupo itálico
- Dá orixe ás linguas romances: galego, portugués, castelán, catalán provenzal, francés, italiano, sardo, reto-romano, romanés e dálmata (xa desaparecida).

Evidentemente unha lingua falada ao longo de tantos séculos, en lugares tan afastados entre si, e sometida á influencia das linguas autóctonas, non puido manterse sempre igual, senón que evolucionou ao longo do tempo. Por este motivo, podemos distinguir entre:

- LATÍN ARCAICO OU PRELITERARIO. Denomínase así o que se emprega dende o século VIII até o século III a.C., momento no que xorden os primeiros textos literarios.
- LATÍN PRECLÁSICO. O que se utiliza tras a aparición deses primeiros textos literarios. Nel apréciase unha transformación da lingua que alcanza o seu momento de plenitude no século I a.C.
- LATÍN CLÁSICO. O que se emprega dende o século I a.C. até o século I d.C. Constitúe o momento de máximo esplendor da lingua latina. É o que se estuda por considerarse o máis representativo. Perdura, con características moi similares, aínda que con menor brillantez, até o século II d.C., no que constitúe o latín postclásico.
- LATÍN TARDÍO. Supón o declive desta lingua, que, a medida que o Imperio se esborralla, vai fragmentándose e diferenciándose cada vez máis segundo o lugar no que se fala, proceso que culmina no século VII d.C.
- LATÍN MEDIEVAL. Marca o final da lingua falada, pois, durante a Idade Media, no período comprendido entre o século VII e o XIV d.C., o latín perdura só como lingua escrita.
- LATÍN HUMANÍSTICO. Constitúe unha recuperación do latín clásico. Utilízase no Renacemento, a partir do século XV d.C., como lingua de cultura, de feito as obras filosóficas e científicas desta época están escritas nela.

Pódese deducir doadamente que en todo este tempo tampouco é igual o latín que falan as persoas cultas e o pobo. Este último fala un latín que se denominou **VULGAR** e que é utilizado, entre outros, polos soldados e comerciantes que se instalan nos territorios conquistados. **Del**, que foi sometido a partir do século V d.C. a un proceso de transformación e fragmentación favorecido pola caída do Imperio, **naceron as distintas linguas romances**.

### Realiza as actividades do PENSVM 1

Posto que tanto o galego coma o castelán proceden do latín, moitos dos coñecementos lingüísticos adquiridos poderanse identificar ao estudar esta lingua.

### FONÉTICA E FONOLOXÍA LATINAS

- Fonemas vocálicos:

GRAO DE ABERTURA	ZONA DE ARTICULACIÓN		
	Anterior	Central	Posterior
Mínimo	i		u
Medio	e		o
Máximo		a	

Pero, en latín, dependendo do tempo empregado na súa pronunciación, as cinco vogais mencionadas poden ser breves ou longas. Para recoñecer a súa cantidade, hai que fixarse no

signo que se coloca sobre elas: un semicírculo (  $\circ$  ) para as breves, e un guión (  $\bar$  ) para as longas. En **dōnūm** [dónum], o **o** é longo ( $\bar{o}$ ), e o **u**, breve ( $\circ u$ ).

- Ditongos: **au**, **ae**, **oe**, **eu** e, excepcionalmente, **ui**. Considéranse coma unha vocal longa.
- **Fonemas consonánticos**, segundo o modo de articulación:

Oclusivos:

	Bilabiais	Dentais	Guturais
Xordos	<b>p</b>	<b>t</b>	<b>c, k, q</b>
Sonoros	<b>b</b>	<b>d</b>	<b>g</b>

Fricativos: /f/, /s/

Muda: /h/

Lateral: /l/

Vibrante: /r/

Nasais: /m/, /n/

Dobre: /x/

- **Alfabeto latino:**

Constaba en época clásica de 20 letras correntes:

a b c d e f g h i l m n o p q r s t u x  
A B C D E F G H I L M N O P Q R S T V X

e 3 letras raras: **k** (que só se usa na palabra **Kalendae**), **y** e **z** (nos préstamos do grego).

Coincide, pois, basicamente co galego e co castelán (non existe o /j/ nin o /ñ/)

Teñen distinta pronunciación que en castelán e/ou galego:

- **g** - pronúnciase sempre suave [g].
- **qu** e **gu** representan respectivamente aos fonemas labiovelares, /qw/ e /gw/: **quinque** [qwinqwe], **sanguis** [sángwis], onde o /u/ conta un apéndice do /q/ ou do /g/, pronunciándose sempre.
- **c** - sempre soa [k].
- **h** - non se pronuncia. Tampouco nas combinacións **ch**, **th**, **rh** usadas sobre todo na transcripción de palabras gregas (**cholera** [kólera], **theatrum** [teátrum], **rhedor** [rétor]), pero a combinación **ph** soa [f]: **philosophia** [filosofía].
- **ll** - pronúnciase [l-l].
- O **i** e o **u** poden ter valor vocálico e consonántico. No primeiro caso a súa pronunciación, [i] e [u] respectivamente, coincide coas do galego e do castelán: **ducis** [dúkis], **dulcis** [dúlkis]. Non obstante, cando teñen valor consonántico, o **i** pronúnciase [i], e o **u**, [w]: **iaceo** [yákeo], **maior** [máyor], **victor** [wíktor], **amavit** [amáwit]. Nota que, nos libros escolares, escribimos **u** cando e vogal e **v** cando é consoante.
- O **x** representa un son dobre [k, g + s]: **dux** [duks], **rex** [regs] e pronúnciase sempre [ks].
- A grafías **y** e **z** pronunciábanse como a [ü] francesa e [ds] respectivamente: **zephyrus** [dséfúrus].

**Realiza as actividades dos PENSA 2 e 3**

**Nota:** O pl. de **pensum** é **pensa**.

- **Acentuación:**

- Non hai palabras agudas (salvo os monosílabos) nin sobreesdrúxulas.
- As palabras de dúas sílabas son graves: **lúpus**, **páter**, **dómus**
- As de máis de dúas, son graves ou esdrúxulas, segundo sexa a **cantidade da penúltima** sílaba (se esta é longa, a acentuación é grave; se é breve, esdrúxula): **amabāmus** [amabāmus], **monebīmus** [monébimus].

**Realiza as actividades dos PENSA 4 e 5**

## MORFOSINTAXE LATINA

- Estrutura das palabras: raíz ou lexema, sufixos, desinencias (coma en galego ou castelán).
- Clases de palabras:

<b>VARIABLES</b> (Cambian de forma)	<b>INVARIABLES</b> (Non cambian de forma)
Substantivo Adxectivo Pronome Verbo	Adverbio Interxección Preposición Conxunción
<b>Nota:</b> en latín non hai artigo.	

## O VERBO

- Categorias gramaticais do verbo:
  - Iguais que no galego e no castelán: persoa, número, tempo, modo e voz.
- A conjugación: Conxunto de formas verbais.

<b>SISTEMA VERBAL LATINO</b> (Formas persoais)		
MODOS	SISTEMA DE PRESENTE ( <b>INFECTVM</b> )	SISTEMA DE PERFECTO ( <b>PERFECTVM</b> )
INDICATIVO	Presente	Pretérito perfecto
	Pretérito imperfecto	Pretérito pluscuamperfecto
	Futuro imperfecto	Futuro perfecto
SUBXUNTIVO	Presente	Pretérito perfecto
	Pretérito imperfecto	Pretérito pluscuamperfecto
IMPERATIVO	Presente	
	Futuro	

Hai catro conjugacións: esta distinción só afecta ás formas de **infectum** (nas formas de **perfectum** a conjugación é única). Distínguense pola terminación das tres primeiras formas do enunciado:

<b>ENUNCIADO DOS VERBOS LATINOS NO <i>INFECTUM</i></b>				
1ª pers. sg. pres. indicativo	2ª pers. sg. pres. indicativo	Infinitivo	Tema en	CONJUGACIÓN
<b>-o</b>	<b>-as</b>	<b>-āre</b>	<b>-ā</b>	1ª
<b>-eo</b>	<b>-es</b>	<b>-ēre</b>	<b>-ē</b>	2ª
<b>-o</b>	<b>-is</b>	<b>-ēre</b>	consonante ou <b>-u-</b>	3ª
<b>-īo</b>	<b>-is</b>	<b>-ēre</b>	<b>-ī</b>	4ª mixta *
<b>-īo</b>	<b>-is</b>	<b>-īre</b>	<b>-ī</b>	4ª
* A conjugación mixta denomínase así porque combina formas da 3ª e da 4ª.				

- Os sistemas verbais galego e latino están extraordinariamente próximos: só hai pequenas diferenzas no subxuntivo, onde o galego non ten tempos do eixo do pasado.
- O castelán innovou introducindo unha división entre tempos simples e tempos compostos, allea ao latín e ao galego.

**Realiza as actividades do PENSVM 6**

## O NOME

- Categorias gramaticais do nome:
  - Xénero: masculino, feminino e neutro (cada substantivo ten só un xénero).
  - Número: singular e plural.
  - Caso: nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo, dativo e ablativo
- Correspondencia entre función sintáctica e caso:

FUNCIÓN SINTÁCTICA	CASO
Suxeito	Nominativo
Atributo	
Apelación	Vocativo
Complemento directo	Acusativo
Complemento circunstancial	
Complemento determinativo	Xenitivo
Complemento indirecto	Dativo
Complemento circunstancial	Ablativo
Complemento axente	

- Declinación: Conxunto de formas que pode presentar un substantivo, adxectivo ou pronome de acordo coa súa función sintáctica dentro da oración (casos).
  - Os substantivos latinos agrúpanse en cinco declinacións.
  - A declinación á que pertence un substantivo está indicada polo seu enunciado, formado polo nominativo e o **xenitivo**, xeralmente, do singular.

DECLINACIÓN	Tema en	ENUNCIADO	
		NOMINATIVO	XENITIVO
Primeira	-a	-a	-ae
Segunda	-o/-e	-us, -er, -ir, -um	-i
Terceira	cons./ -i	variable	-is
Cuarta	-u	-us, -u	-us
Quinta	-e	-es	-ei

### Realiza as actividades do PENSVM 7

## SINTAXE

### A ORDE DE PALABRAS

- Non determina as funcións sintácticas.
- Tendencias xerais:
  - Verbo ao final
  - O determinante (adxectivo ou complemento determinativo) vai diante da palabra que determina.
  - O complemento determinativo intercálase entre a preposición e o substantivo ou o adxectivo e o substantivo ao que se refire.
- De acordo co anterior podemos concluír que o latín é unha lingua SOV (Suxeito-Obxecto-Verbo), fronte ó galego ou o castelán, linguas SVO (Suxeito-Verbo-Obxecto). Isto é importante á hora de traducir textos: ao principio hai tendencia a manter a orde latina, o que a maioría das veces é inviable, sobre todo se non coincide a orde nas dúas linguas. En castelán e en galego a orde ten que ser SVO, do contrario hai que facer modificacións na oración, basicamente utilizando incrementos que advirten que a orde está subvertida. Así, se intentamos cambiar a orde de *Miguel ama a Daniela* por *A Daniela Miguel a ama*, notamos a aparición dun incremento **a** que advirte que a orde non é a esperada. No caso de que sigas a orde latina (o que non é recomendable), terás que utilizar a miúdo estes incrementos (*me, te, se, o, a, lle*, etc.) que esixen as estruturas do galego, pero que non aparecerán no texto latino.

### Realiza as actividades de repaso